



BASES CONCURSO ENTROIDO

BASES CONCURSO ENTROIDO A LAMA 2025

PRIMEIRA.- **O DESFILE DO CONCURSO DO ENTROIDO DA LAMA 2025** celebrarase o sábado 8 de marzo, ás 17 horas. A concentración dos participantes será a partir das 16:00 horas na rúa Miguel Carbajal Sobral, xunto ao pavillón municipal de deportes, onde poderán estacionar os vehículos dos participantes.

SEGUNDA.- O percorrido do desfile será o seguinte: Saída desde as inmediacións do colexio da Lama para avanzar pola rúa do Brasileiro cara estrada de Pontevedra. Na súa confluencia xirará cara ao centro da vila pasando pola Praza da Pedreira e discorrerá por diante do Concello ata rematar na Alameda.

TERCEIRA.- Poderán participar tódolos que se inscriban nunha das seguintes categorías:

- a) **Comparsas.-** A súa participación **SERÁ POR RIGUROSA INVITACIÓN** feita polo Concello da Lama. Terán como mínimo 35 participantes e poderán ir acompañadas de carroza. Terán que ter unha unidade temática nos seus disfraces e deberán ir acompañando todo o percorrido tocando en directo con instrumentos musicais que servirán para animar o pasarrúas do entroido. Deberán manter unha mesma coreografía e posta en escea, con música interpretada en directo, con ritmo no desfile, bo humor, etc.
- b) **Grupos.-** Deberán inscribirse na **BIBLIOTECA-OMIX** do Concello e deberán estar formados por un mínimo de 5 membros disfrazados que garden a mesma unidade temática. Poderán ir acompañados de carroza e de música ou non e esta non será en directo. Valorarase a súa vistosidade, disposición durante o desfile, bo humor e orixinalidade.
- c) **Individual/Parellas:** Poderán participar aquelas persoas que se disfracen de xeito individual ou por parellas e valorarase a súa orixinalidade, bo humor e capacidade de sorprender ao público cos seus traxes.
- d) **Agrupacións Infantis:** Poderán participar grupos de nenos ou nenas formados por un mínimo de 5 persoas que garden unha mesma unidade temática e que participen de xeito activo do desfile de entroido.





BASES CONCURSO ENTROIDO

CUARTA.- As inscricións realizaranse **BIBLIOTECA-OMIX do Concello da Lama**, a través do correo electrónico (biblioteca-omix@concelloidalama.com) ou a través do **teléfono 986 76 82 38 ext. 4** en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres **ata o xoves 6 de marzo de 2025**. Os inscritos deberán acompañar fotocopia do DNI. Os que inscriban as comparsas ou grupos deberán acreditar por escrito a súa representatividade e aportar fotocopia do DNI.

QUINTA.- O xurado será independente da organización e do Concello da Lama e estará formado por un máximo de 5 persoas ligadas ao tecido asociativo e social deste municipio. O fallo do xurado será inapelable e será emitido ao final do percorrido do desfile, durante a actuación do grupo musical que amenizará a espera e celebración do baile de entroido.

SEXTA.- Establécense os seguintes premios para favorece-la participación de comparsas, grupos e disfraces da comarca do Verdugo-Oitavén e tamén os que veñan de fóra.

a) **Comparsas:** Terán un agasallo conmemorativo da súa participación.

b) **Grupos:** Establécense os seguintes premios:

1º Local.....200 euros. 1º Visitante.....200 euros.

2º Local.....150 euros. 2º Visitante.....150 euros.

3º Local.....100 euros. 3º Visitante.....100 euros.

c) **Individuais/Parellas:**

1º Premio único.....75 euros.

2º Premio único.....50 euros.

3º Premio único.....30 euros.

d) **Agrupación Infantil:**

Único premio.....50 euros.

O xurado poderá deixar deserto aqueles premios que considere oportunos por non reunir os participantes méritos suficientes para poder ser merecedores dos mesmos.





BASES CONCURSO ENTROIDO

SÉTIMA.- O abono dos premios farase mediante transferencia bancaria con posterioridade ao o baile de entroido e previa acreditación, mediante DNI da identidade do premiado ou da representatividade dos grupos agraciados. No caso das comparsas convidadas, recibirán do mesmo modo a súa compensación polos gastos de desprazamento e posta en escena das súas coreografías mediante presentación da factura correspondente.

OITAVA.- A organización terá potestade para eliminar do concurso a calquera participante que vulnere o espírito do entroido ou que atente contra calquera dos dereitos humanos universalmente recoñecidos, tamén estará prohibido desfilar con animais de todo tipo e utilizar material pirotécnico, bengalas, petardos, etc. así como todos aqueles elementos que poidan ser considerados perigosos para o desenrolo desta actividade tanto para participantes como para espectadores.

NOVENA.- A organización eximirase de calquera responsabilidade derivada do uso improcedente do material ou dos disfraces que tomen parte no desfile, da acción derivada da actividade dos vehículos participantes, así como de calquera outro elemento que aporten as comparsas, grupos ou persoas disfrazadas.

DÉCIMA.- Aquelas persoas, comparsas ou grupos que decidan tomar a saída neste desfile deberán acatar as instrucións que reciban da organización e o mero feito de participar neste evento supón a aceptación das bases que rixen o desfile e o concurso do entroido da Lama 2025.

DECIMOPRIMEIRA.- Estas bases que regulan o desfile e o concurso de disfraces do entroido da Lama 2025 estarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello da Lama e na páxina web: www.concellodalama.com.

